

**NEOTTIELIA RUTILANS (FR.) DENNIS. UNHA ESPECIE  
POUCO CITADA**

por  
M<sup>a</sup> C. GARCÍA-ECHAVE PUENTE

GARCÍA-ECHAVE PUENTE, MC. 2017. *Neottellia rutilans* (Fr.) Dennis. Unha especie pouco citada. *Mykes* 20: 7-11.

**Resumo**

Neste artigo descríbese macro e microscopicamente o taxon *Neottiella rutilans* (Fr.) Dennis. Unha interesante especie pouco citada tanto en Galicia como no resto da Península Ibérica.

**Palabras clave:** *Ascomycota*, *Pezizales*, *Neottiella rutilans*, Culleredo, A Coruña, España.

GARCÍA-ECHAVE PUENTE, C. 2017. *Neottellia rutilans* (Fr.) Dennis. A rarely mentioned species. *Mykes* 20: 7-11.

**Summary**

The taxon *Neottiella rutilans* (Fr.) Dennis is described macro and microscopically in this document. This is a species rarely mentioned in Galicia and in the rest of Iberian Peninsula.

**Keywords:** *Ascomycota*, *Pezizales*, *Neottiella rutilans*, Culleredo, A Coruña, España.

**INTRODUCCIÓN**

En Galicia, existen poucas referencias bibliográficas nas que aparezan macromicetos que estean asociados a brións. Recentemente, CASTRO-MARCOTE (2010) cita en medios dunares varias especies fúnxicas asociadas a *Tortula ruralis* e CASTRO (2015) sinala a presenza de

---

\* Avenida de Arteixo, 18, 6º Esq. 15004. A Coruña; e-mail: [crisgechave@hotmail.com](mailto:crisgechave@hotmail.com)  
Membro do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire

*Muscinupta laevis* sobre *Pogonatum aloides*. Neste traballo descríbese unha nova especie muscícola para Galicia, *Neottiella rutilans* (Fr.) Dennis (Pezizales, Ascomycota).



Fig. 1-2. *Neottiella rutilans*

## METODOLOXÍA

As descrições macro e microscópicas foron efectuadas a partir de material fresco e as fotografías foron tomadas no momento da recolección. Os reactivos utilizados nas análises microscópicas foron Melzer e azul de lactofenol. Utilizouse ademáis un microscopio binocular con obxectivos 40X e 100X e oculares de 10X de marca Olympus e modelo CH. As *exsiccata* están depositadas na micoteca particular da autora (cge) e na de “Pan de Raposo” (pr).

## RESULTADOS E DISCUSIÓN

***Neottiella rutilans* (Fr.) Dennis, *British Cup Fungi*: 28 (1960)**

**Material estudado:** A Coruña, “Xardín Botánico Ría do Burgo”, en terreo arenoso, parasitando ao brión *Polytrichum commune*, 29-I-2016, *leg. et det.*: M<sup>a</sup> C. García-Echave Puente, cge210216294 [Fig. 1]. Ibídem 7-II-2017, *leg. et det.*: M<sup>a</sup>. C. García-Echave Puente, non se conservou *exsiccata* [Fig. 2]. A Coruña, Oroso, San Miguel da Gándara, en terreo de aluvián, parasitando *Polytrichum commune*, 4-I-2017, *leg. et det.*: J.M<sup>a</sup>. Costa Lago, pr6040117153. Pontevedra, Cangas, Darbo, praia de Liméns, sobre duna estabilizada, xaneiro 2015, *leg. et det.*: S. Corral e H. Rodríguez, non se conservou *exsiccata*. Ibídem, xaneiro e decembro de 2016, *leg. et det.*: S. Corral e H. Rodríguez, non se conservou *exsiccata*.

**Macroscopía:** apotecio de 0,5 a 1,5 cm de diámetro, de forma acopada. O himenio é liso e de cor laranxa. A superficie externa é máis pálida e está cuberta de pelos pouco evidentes. A marxe é esbrancuxada e provista de pelos máis densos. Pé curto e moi enterrado no substrato. Carne fráxil e de cor laranxa clara.

**Microscopía [Fig. 3]:** Ascosporas cilíndricas, uniseriadas e octospóricas, non amiloides. Ascosporas anchamente elipsoides, bigutuladas e verrucosas ao principio, despois monogutuladas e reticuladas, con retículo incompleto, cianófilas, de 22-25 x 13-14  $\mu\text{m}$ . Parafisos cilíndricos, co ápice de redondeado a claviforme. Pelos do excípulo longos, máis ou menos cilíndricos, non septados e co ápice obtuso.

**Observacións:** *Neottiella rutilans* é unha especie muscícola que frutifica no inverno sobre terreos arenosos de orixe aluvial, en grupos dispersos,




Fig. 3. *Neottiella rutilans*. A. Ascosporas. B. Ascos e parafisos. C. Pelos do excípulo.

parasitando brións dos xéneros *Polytrichum* e *Oligotrichum* (MENDAZA, 1999; LLAMAS & TERRÓN, 2003; MEDARDI, 2006; RUBIO, 2007; GRAMAIN & PÉAN, 2014). Os nosos exemplares foron colleitados en dous anos consecutivos no “Xardín Botánico Ría do Burgo e Aula de Natureza Juan Lembeye” no paseo marítimo do Burgo, á beira da ría. Atopáronse baixo *Eucalyptus globulus* e *Pinus sylvestris*, parasitando briofitos do xénero *Polytrichum*.

Non aparecen referencias bibliográficas deste taxon para Galicia segundo as bases de datos da revisión de RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO

(2016). Aparece xeorreferenciada só no hemisferio norte (GBIF, en liña). Na Península Ibérica cítase en Asturias (RUBIO, 2007), Castela e León (MENDAZA, 1999; MARTÍNEZ-PEÑA *et al.*, 2011; GARCÍA BLANCO, 2012).

Unha das posibles razóns das escasas citas ou referencias a esta especie podería deberse ao parecido macroscópico con *Pustularia patavina* (Cooke & Sacc.) Boud., *Hist. classific. discomyc. Europe*: 53 (1907). Deste xeito, aínda que é común no litoral de Galicia, só aparece citada por CASTRO-MARCOTE (2010) en sistemas dunares galegos.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CASTRO, J. 2015. Biodiversidade fúnxica da Reserva da Biosfera Terras do Miño: *Muscinupta laevis* (Fr.) Redhead, Lücking & Lawrey. *Micolucus*, 2: 13-17.
- CASTRO-MARCOTE, J.M. 2010. *Guía de cogomelos dunares do litoral atlántico galego*. Vilaboa. Ed. do Cumio.
- GARCÍA BLANCO, A. 2012. *Neottiella rutilans* (Fr.) Dennis. Dispoñible en: <http://asociacionvallisoletanademicoologia.com/wordpress/wp-content/uploads/2015/03/Neottiellarutilans.pdf>. [Consultado: 1-IX-2017].
- GBIF, en liña. Global Biodiversity Information Facility. In: [www.gbif.org/species/8982327](http://www.gbif.org/species/8982327) [Consultado: 1-V-2017].
- GRAMAIN, D. & PÉAN, R. 2014. *Neottiella rutilans* (Fr.) Dennis 1960. Dispoñible en: <http://www.mycodb.fr/fiche.php?genre=Neottiella&espece=rutilans&source=search>. [Consultado: 10-IV-2017].
- LLAMAS, B. & TERRÓN, A. 2003. *Atlas fotográfico de los hongos de la Península Ibérica*. León. Celarayn Editorial.
- MARTÍNEZ-PEÑA, F., ORIA DE RUEDA, J.A. & ÁGREDA, T. (Coord.) 2011. *Manual para la gestión del recurso micológico en Castilla y León*. SOMACYL. Junta de Castilla y León.
- MEDARDI, G. 2006. *Atlante fotografico degli Ascomiceti d'Italia*. Trento. Ed. Associazione Micologica Bresadola.
- MENDAZA RINCÓN DE ACUÑA, R. 1999. *Las Setas en la naturaleza*. Tomo III. Bilbao. Iberdrola.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. 2016. *Micobiota galega, 1867-2015 (Ascomycota, Basidiomycota)*. Documento preliminar para a base de datos micolóxica galega MICBIOTAGALICIA.MDB. Ed. Grupo Micolóxico Galego. Dispoñible en: [Consultado: 24-IV-2017].
- RUBIO DOMÍNGUEZ, E. 2007. *Neottiella rutilans* (Fr.) Dennis. Dispoñible en: <https://www.asturnatura.com/fotografia/setas-hongos/neottiella-rutilans-fr-dennis-1/3654.html> [Consultado: 10-IV-2017].